

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2025 pola que se nomea persoal funcionario de carreira na escala auxiliar, correspondente ao procedemento de estabilización extraordinaria de emprego temporal convocado pola Resolución do 9 de xaneiro de 2024, a persoa aspirante que superou o proceso selectivo tras a segunda proposta complementaria do tribunal de selección.

Unha vez publicada polo tribunal cualificador das probas selectivas para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de persoal de administración e servizos (PAS) funcionario e PAS laboral do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal, convocadas pola Resolución do 9 de xaneiro de 2024 (DOG do 18 de xaneiro e BOE do 29 de xaneiro), a segunda proposta complementaria da persoa aspirante que superou o proceso selectivo, e tras comprobar que a persoa seleccionada reúne os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria, e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos Estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta complementaria feita polo tribunal cualificador e nomear funcionaria de carreira da escala auxiliar, subgrupo C2, da USC a persoa que superou o proceso selectivo segundo se relaciona no anexo desta resolución.

Segundo. Para adquirir a condición de funcionaria de carreira, a persoa a que se refire o anexo desta resolución deberá cumprir os requisitos exixidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que a persoa aspirante estea en situación de incapacidade temporal, o prazo para a toma de posesión comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, dado que se poderá tomar posesión durante estas situacións.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de San-

CVE-DOG: xgezdh6-hue2-id20-h3e1-h7wm7wz77j87



tiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: xgezd6h6-hue2-id20-h3e1-h7wm7wz77j87





ANEXO
Escala auxiliar. Subgrupo C2

Núm. de orde	DNI	Apelidos e nome	Código	Denominación e unidade de adscrición do posto	Subgrupo	Nivel	Quenda	Campus	Observacións
1	***4317**	Fernández Gómez, María Carmen	PF000888	Posto base. Negociado CIQUS	17	C1/C2	Mañá	Compostela	Comparte CITIUS

